



*ORDE do \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2016/17 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión (código ED305B).*

A función docente constitúe un factor esencial da calidade da educación e para o seu adecuado desenvolvemento a formación do profesorado é unha peza clave. Por outra banda, a función docente experimentou unha notable transformación nos últimos anos, transformación que vai parella aos novos retos que ten que afrontar o sistema educativo. Neste contexto a oferta formativa debe, por unha banda, coordinarse cos grandes obxectivos e programas da política educativa e, por outra banda, facer o profesorado partícipe permitíndolle implicarse de forma activa na mellora das súas competencias, de xeito que se fomente a creatividade, a capacidade de innovación e, en resumo, que agrome o talento existente.

Neste sentido, os cambios derivados do desenvolvemento do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (en diante, LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, tratan de que a formación permanente responda, tanto nas súas estruturas como nos seus plans e nas accións concretas, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego.

No marco normativo estatal, a LOE, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, dedica o seu título III a salientar o protagonismo que debe adquirir o profesorado no sistema educativo actual, cunha atención prioritaria á súa formación inicial e permanente.

Esta lei establece, no seu artigo 102, que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, coa finalidade, entre outras, de prever a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas. E, por outra parte, o artigo 105, de medidas para o profesorado de centros públicos, dispón na alínea 2.d) que a Administración educativa disporá o desenvolvemento de licenzas retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que



establezan, coa finalidade de estimular a realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo.

Ademais da formación anual programada e desenvolvida polas estruturas de formación a través de actividades para o profesorado, é conveniente ofertar unha modalidade formativa de máis longa duración nun contexto de implicación activa do profesorado no seu deseño e de acordo coas principais liñas de traballo marcadas para o sistema educativo. Neste sentido, as novas tecnoloxías acadan unha importante presenza e gozan de gran proxección no eido docente, polo que a Administración pretende facer partícipe o profesorado na realización de proxectos de investigación elaborando materiais didácticos, sen esquecer a especificidade da formación profesional, que lles permita afondar nesta vertente do seu labor profesional e, ao mesmo tempo, que proporcionen o seu coñecemento e experiencia ao conxunto da comunidade educativa no deseño de actividades de formación a distancia, modalidade cun crecemento substancial dentro da formación do profesorado. Por outra banda, a potenciación da formación do profesorado nas linguas estranxeiras constitúe un eixe fundamental para o sistema educativo galego, de xeito que na función docente se tenda a acadar os niveis adecuados de competencia dentro dun marco europeo de referencia para as linguas.

En consecuencia, no uso das facultades que teño atribuídas polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería,

#### RESOLVO:

##### *Artigo 1. Obxecto e persoas destinatarias*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras polas que se rexerá tanto a convocatoria pública como a execución das licenzas por formación para o curso académico 2016/17, dirixidas ao persoal docente que pertenza aos corpos que imparten ensinanzas das establecidas na LOE, destinado durante o curso académico 2016/17 en centros educativos públicos e nos servizos provinciais de Inspección



educativa dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte prelación:

a) Persoal docente funcionario de carreira que non gozou de licenza por formación nos últimos dous cursos (2014/15 e 2015/16).

b) Persoal docente funcionario de carreira que gozou de licenza por formación nos últimos dous cursos (2014/15 e 2015/16).

c) Persoal interino.

2. A distribución da duración das licenzas por modalidades, expresada en meses, é a que se recolle no anexo I desta orde de convocatoria.

#### *Artigo 2. Modalidades de licenzas por formación*

As licenzas por formación, todas elas retribuídas, poden solicitarse para as seguintes modalidades:

Modalidade 1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para educación primaria e secundaria e atención á diversidade nestes niveis.

Ten por obxecto a creación de materiais dixitais para o programa de educación dixital en niveis obrigatorios. Valorarase preferentemente a creación de secuencias didácticas das materias de libre configuración autonómica para os niveis indicados, así como materiais vinculados á atención á diversidade nestes niveis. Terán especial consideración aqueles materiais dixitais que permitan o visionado en calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, é dicir, HTML5 , HTML ou Javascript. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, segundo a valoración do proxecto presentado.

Modalidade 2. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para educación primaria e secundaria e atención á diversidade nestes niveis.



Ten por obxecto a creación de materiais dixitais para o programa de educación dixital en niveis obrigatorios. Valorarase preferentemente a creación de secuencias didácticas para as materias de libre configuración autonómica dos niveis indicados, así como materiais vinculados á atención á diversidade nestes niveis. Terán especial consideración aqueles materiais dixitais que permitan o visionado en calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, é dicir, HTML5, HTML ou Javascript. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, segundo a valoración do proxecto presentado.

Modalidade 3. Proxectos individuais para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.

Ten por obxecto a elaboración ou adaptación de materiais plurilingües que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación ás cales se refire o punto 2 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Esta modalidade terá as seguintes submodalidades:

- Submodalidade 3.a. Elaboración de materiais inéditos nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.
- Submodalidade 3.b. Actualización de materiais creados en convocatorias anteriores e, simultaneamente, a súa adaptación a unha ou máis linguas estranxeiras.

Con carácter xeral, serán obxecto de elaboración de materiais os módulos profesionais de formación profesional establecidos ao abeiro da LOE.

No anexo IX relaciónanse os módulos profesionais que xa foron obxecto de elaboración de materiais noutras convocatorias, coa indicación do número de horas pendentes de elaborar e o número de horas pendentes de adaptación.



Está dirixida preferentemente ao profesorado que fose formado pola consellería no procedemento de elaboración de programación de módulos da LOE (cursos, proxectos de formación profesional, grupos de traballo, etc.).

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, segundo a valoración do proxecto presentado.

Modalidade 4. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.

Ten por obxecto a elaboración de materiais plurilingües inéditos que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación ás cales se refire o punto 2 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Os materiais poderán ser redactados nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.

Con carácter xeral, serán obxecto de elaboración de materiais os módulos profesionais establecidos ao abeiro da LOE.

No anexo IX relaciónanse os módulos profesionais que xa foron obxecto de elaboración de materiais noutras convocatorias, coa indicación do número de horas pendentes de elaborar.

Está dirixida preferentemente ao profesorado que fose formado pola consellería no procedemento de elaboración de programación de módulos da LOE (cursos, proxectos de formación profesional, grupos de traballo, etc.).

A duración das licenzas desta modalidade será de un a tres meses, segundo a valoración do proxecto presentado.

Modalidade 5. Proxecto individual ou en grupos de dous a tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.



Ten por obxecto a creación de cursos non presenciais de formación do profesorado que poderán impartirse na Plataforma de teleformación galega (Platega). A presentación do proxecto versará sobre algunha das temáticas preferentes propostas no anexo VIII, con mención expresa das subcompetencias profesionais correspondentes, e segundo as instrucións proporcionadas polo departamento correspondente do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), que coordinará o curso. O obxectivo desta modalidade é a creación e, de ser o caso, a posterior titoría dos cursos, segundo o compromiso recollido no anexo V e nas condicións normativas establecidas no desenvolvemento de actividades de formación permanente do profesorado. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, dentro do período comprendido entre o 15 de setembro e o 31 de decembro de 2016.

#### Modalidade 6. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.

Ten por obxecto o perfeccionamento da lingua estranxeira correspondente e a consecución da cualificación necesaria para promover a creación ou a continuación do programa de seccións bilingües e/ou de centros plurilingües, segundo o compromiso recollido no anexo VI. Está dirixida preferentemente ao profesorado non especialista de ensino primario e secundario que acredite como mínimo o nivel B2 en lingua estranxeira do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL) ou teña coñecemento equivalente acreditable segundo a Orde do 18 febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas polo profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da consellería, agás o establecido para o profesorado actualmente en seccións bilingües, na disposición adicional primeira.

A adxudicación de licenzas realizarase consonte a seguinte orde de preferencia: en primeiro lugar, o profesorado non especialista de ensino primario e secundario e o profesorado que imparta docencia na formación profesional e, en segundo lugar, o profesorado especialista en linguas estranxeiras.



A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV. O proxecto centrarase na presentación do plan de perfeccionamento da lingua que se desenvolverá durante o período da licenza.

As licenzas desta modalidade terán unha duración mínima dun mes e máxima de tres meses.

### *Artigo 3. Requisitos*

1. As persoas candidatas á licenza deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Persoal docente de carreira.

1º. Estaren en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2014/15 e 2015/16, e no 2016/17 seguiren tendo destino e exercendo docencia directa con alumnado en centros docentes educativos dependentes da consellería.

2º. Non teren destino en comisión de servizos durante o curso 2016/17, agás o profesorado destinado en centros de ensinanzas artísticas superiores, o persoal das escolas oficiais de idiomas e o que estea a gozar dunha comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral ou por motivos de saúde.

3º. Cando os participantes fosen beneficiarios dunha licenza por formación no curso 2015/16, a valoración positiva do traballo desenvolvido considerarase unicamente para efectos de desempate.

b) Persoal interino.

Para estes efectos entenderase como profesorado interino unicamente aquelas persoas que teñan nomeamento como tal ata o remate do curso académico correspondente.

2. Ademais, nas modalidades 3 e 4:

O profesorado solicitante deberá ter atribución docente no módulo ou módulos solicitados, agás na modalidade 4, tal como se recolle no parágrafo seguinte.



No caso de elaborar ou adaptar materiais nalgunha lingua estranxeira, acreditar a competencia lingüística nesta lingua no nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas. Na modalidade 4, cumprirá que polo menos un membro do grupo de traballo teña acreditada esta competencia lingüística ou que un membro sexa da especialidade na que se vaia elaborar ou adaptar materiais.

Na submodalidade 3.a e na modalidade 4, a suma da duración das actividades elaboradas será dun mínimo de 15 horas por persoa e mes de duración da licenza.

Na submodalidade 3.b a suma da duración das actividades adaptadas será dun mínimo de 45 horas por persoa e mes de duración da licenza.

3. Obteren os mínimos previstos nesta convocatoria.

#### *Artigo 4. Solicitudes, documentación e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse utilizando o modelo do anexo II. A solicitude será única e para unha soa modalidade.

2. Á solicitude achegaráselle a seguinte documentación:

a) Para as modalidades 1, 3 e 6: acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no anexo III desta orde. As modalidades 2, 4 e 5, ao seren de grupo, quedan exentas.

No caso da formación académica non exixida para o ingreso no corpo e que non figure no expediente do solicitante, este poderá optar por presentar fotocopia compulsada da documentación acreditativa ou ben autorizar a Administración para a súa consulta a través da páxina web: <http://intranet.xunta.es/interoperabilidade>

A indicada autorización deberá axustarse ao modelo que figura no anexo II desta orde de convocatoria.

b) Ademais, para as modalidades 1 e 2, unha demostración ou exemplo desenvolvido, elaborado coa/s ferramenta/s que utilizará segundo o seu proxecto.





c) Ademais, nas modalidades 3 e 4, no caso de elaborar ou adaptar materiais nalgunha lingua estranxeira, para acreditar a competencia lingüística nesta lingua no nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas deberán presentar orixinal ou copia compulsada da documentación que acredite esta circunstancia.

d) Ademais, para a modalidade 5, unha maqueta do curso na plataforma dixital Platega 2 (Moodle 2.6), especificando a descrición de cada bloque (obxectivos, contidos, espazos de comunicación e interacción, tarefas,...) e o anexo V debidamente cuberto.

e) Ademais, na modalidade 6, o anexo VI debidamente cuberto.

f) Para todas as modalidades, proxecto de traballo segundo o contido do anexo IV. A persoa que solicite a modalidade 3.b non cubrirá a alínea d) do proxecto.

3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

4. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992, do 26 de novembro), utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros



establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Esta documentación tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

6. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número de código único de rexistro.

8. Todas as persoas participantes deberán presentar relación numerada e asinada da documentación entregada, seguindo a orde que aparece no indicado anexo III. Non se terán en conta nin se valorarán os méritos nin os servizos alegados e non xustificadas debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo a que se refire este artigo.

Cómpre salientar que non terán que presentarse os documentos xustificativos de méritos alegados que xa fosen achegados polo profesorado para completar o seu expediente persoal na aplicación informática a través do enderezo [www.edu.xunta.es/datospersoais](http://www.edu.xunta.es/datospersoais)

*Artigo 5. Consentimentos e autorizacións*



1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exigidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstas nesta norma, salvo que xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

#### *Artigo 6. Comisión de selección*

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro, con categoría de titular de subdirección xeral, xefatura de servizo ou membro da Inspección educativa, por designación da persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Secretaría: unha persoa funcionaria da consellería, que actuará con voz e sen voto.



Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión, para os efectos dun mellor coñecemento e unha mellor valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, por medio da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á Inspección educativa ou ás persoas especialistas da citada consellería.

2. A comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica especializada, só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 2, 3 e 4 do baremo do anexo III. Ás reunións desta subcomisión poderá asistir unha persoa representante de cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

3. Esta comisión estará incluída na categoría que corresponda para os efectos do previsto no Decreto 144/2008, do 26 de xuño –que modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño–, concretado na Resolución do 20 de xuño de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xuño de 2008 respecto da actualización do previsto no anexo IV do citado Decreto 144/2001.

#### *Artigo 7. Criterios de selección e puntuación provisional*

1. A comisión seleccionadora baremará as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos nesta orde. De ser o caso, poderá convocar os solicitantes dunha determinada modalidade a unha entrevista que versará sobre o proxecto e/ou o nivel de competencia dixital necesario para o seu desenvolvemento.

Nas modalidades 1 e 2 é requisito alcanzar, como mínimo, o 40% da puntuación en cada punto que se recolle no anexo X para poder optar a unha licenza.

Nas modalidades 3 e 4 é requisito acadar unha puntuación mínima de 8 puntos na valoración do proxecto, segundo se recolle no Anexo X

Na modalidade 5 é requisito alcanzar, como mínimo, o 40% da puntuación en cada punto que se recolle no anexo X para poder optar a unha licenza, excepto a alínea g).



De ser o caso, será preciso acadar unha puntuación mínima de 8 puntos na entrevista para optar a unha licenza por formación.

2. En caso de empate, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 2 do baremo.

c) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

d) No caso de ter gozado dunha licenza no curso 2015/16, contar coa valoración positiva do traballo desenvolvido.

3. No caso de se produciren vacantes nalgunha das modalidades, poderán acumularse ás outras modalidades. En ningún caso poderá excederse o número total de meses establecido no anexo I.

4. A puntuación provisional obtida polas persoas candidatas farase pública no portal educativo da consellería na internet ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)), e abrirase un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ante a presidencia da comisión.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior presentaranse as posibles renuncias á concesión das licenzas, dirixidas á presidencia da mencionada comisión seleccionadora.

#### *Artigo 8. Resolución definitiva*

1. Logo de resoltas as reclamacións, a comisión seleccionadora remitirá ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución da concesión de licenzas por formación, xunto coa acta ou as actas definitivas, nas cales se indicarán as valoracións outorgadas a cada persoa candidata, así como a relación final de persoas beneficiarias das licenzas. Esta proposta de resolución definitiva publicárase no portal educativo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es). A seguir procederáse á publicación da resolución definitiva no Diario Oficial de Galicia.



2. Unha vez resolta esta convocatoria só se admitirán renuncias ás licenzas concedidas e modificacións no seu desenvolvemento en casos excepcionais e libremente valorados pola consellería.

A aceptación destas renuncias ou modificacións requirirá autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, logo de solicitude por escrito por parte da persoa beneficiaria.

3. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. As solicitudes consideraranse desestimadas se non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses desde a data de publicación desta orde.

#### *Artigo 9. Período de desenvolvemento das licenzas*

O período de desenvolvemento para o exercicio das licenzas é o abranguido entre o 15 de setembro de 2016 e o 30 de xuño de 2017, agás para a modalidade 5 –Proxecto individual ou en grupos de dous a tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.– que será o comprendido entre o 15 de setembro e o 31 de decembro de 2016; e a modalidade 6 –perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior– que será o comprendido entre o 15 de setembro de 2016 e o 31 de agosto de 2017.

#### *Artigo 10. Obrigas das persoas beneficiarias.*

1. Nas modalidades 1, 2 e 5, unha persoa asesora do CAFI e, nas modalidades 3 e 4, unha persoa asesora do Servizo de Ordenación e Formación Profesional ou das estruturas de formación do profesorado, porase en contacto coas persoas beneficiarias co fin de lles transmitir as instrucións para a elaboración dos materiais. Durante o período de duración da licenza, as persoas beneficiarias asumen a obriga de entregar os



documentos precisos para lle facilitar o labor de seguimento correspondente e de seguir, de ser o caso, as súas indicacións técnicas.

2. En caso de que durante o seguimento da licenza se observase algún incumprimento por parte dos beneficiarios, estes poderán perder o dereito de continuar gozando dela.

3. As persoas beneficiarias das licenzas poderán ser convocadas ás reunións que sexan necesarias, de carácter obrigatorio, para establecer as pautas de coordinación e indicacións técnicas xerais.

4. Nun prazo máximo de dous meses desde a finalización da licenza, as persoas beneficiarias presentarán a correspondente documentación xustificativa do cumprimento dos obxectivos previstos. Así mesmo, realizarase unha valoración final que lles será comunicada aos beneficiarios.

A citada documentación enviarase á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Servizo de Formación do Profesorado), e constará dos seguintes elementos:

a) Para as modalidades 1 a 5, os seguintes elementos comúns:

a.1. Unha declaración xurada ou promesa (de cada membro do equipo ou do representante da entidade) de posuír, como responsables da autoría, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados –incluídos sons, vídeos, animacións, flash, textos... que forman parte dos obxectos dixitais educativos (ODE)–, e de que estes non estean comercializados. A autoría deberá aparecer expresada na portada do traballo obxecto da licenza. Esta declaración deberá axustarse ao modelo que se recolle no anexo XI.

a.2. No caso de que se inclúan imaxes de menores, en aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, achegaranse as correspondentes autorizacións de pais, nais ou persoas responsables da



súa titoría legal, en soporte impreso e electrónico (PDF), debidamente cubertas e asinadas.

a.3. Poderanse incluír outros materiais complementarios que os autores e as autoras consideren de interese.

b) Elementos específicos para cada modalidade:

b.1. Para as modalidades 1 e 2:

b.1.1. Unha guía didáctica (en formato PDF ou RTF) en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

b.1.2. Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados, preparado para a súa publicación na internet, preferentemente con empaquetaxe SCORM. Para isto último deberanse seguir as recomendacións sobre creación e estrutura de contidos dixitais dispoñibles no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/web/ODEs>

b.1.3. Un manual de uso (en formato PDF ou RTF) en que se expliquen, cunha linguaxe axeitada para o nivel do alumnado, as pautas de utilización do material. Cando, por razóns especiais, non se xulgue necesario este documento, deberase razoar a decisión nun documento específico de igual título.

b.1.4. Un documento técnico en galego e castelán (en formato PDF ou RTF) en que se especifiquen os pasos que haxa que seguir para a instalación e os parámetros de configuración e execución da aplicación desde a internet e no servidor cliente.

b.2. Para as modalidades 3 e 4:

Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados, no cal constará:

1. Programación dos módulos profesionais dos cales se elaboran materiais, realizada mediante a aplicación informática de elaboración de programacións da consellería.





2. As actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación elaboradas que desenvolvan algunha das relacionadas no punto 4.a) da correspondente programación. Estas actividades deben ser entregadas en soporte dixital editable.

Os materiais elaboraranse seguindo o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

b.3. Para a modalidade 5:

b.3.1. Unha guía didáctica (en formato PDF ou RTF) en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

b.3.2. Orixinal en soporte dixital editable dos materiais elaborados para o curso que estean embebidos na Platega e aloxados en servizos externos (Youtube, Slideshare, Issuu, etc.).

b.4. Para a modalidade 6:

b.4.1. Memoria final –segundo o guión que figura no anexo VII–.

b.4.2. Certificación orixinal ou unha fotocopia compulsada expedida polo centro ou a institución onde se realizou o perfeccionamento na lingua estranxeira, con expresión da duración en datas e número total de horas da formación recibida, así como unha tradución desa certificación.

#### *Artigo 11. Situación administrativa das persoas beneficiarias*

Durante o tempo de duración dunha licenza, o persoal docente seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias. As persoas beneficiarias dunha licenza consideraranse, para todos os efectos, en situación de servizo activo.

#### *Artigo 12. Incompatibilidades*



1. A concesión de licenzas é incompatible coa realización de calquera outra actividade remunerada pública ou privada, así como coa participación simultánea en programas europeos, estadias formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofrecidas á marxe desta convocatoria.

2. A persoa solicitante que obteña praza en calquera das convocatorias a que se refire o punto anterior deberá notificalo urxentemente e por escrito á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### *Artigo 13. Responsabilidades por incumprimento*

O incumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da licenza ou á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario do persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Artigo 14. Seguimento*

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa efectuará o axeitado seguimento e control dos estudos e dos traballos que se realicen durante o período da licenza, e poderá solicitar directamente, a través de entrevista ou por medio da Inspección educativa, información sobre o traballo realizado e sobre o que quede pendente, de tal xeito que o incumprimento do establecido no proxecto inicial poderá dar lugar á revogación da licenza.

#### *Artigo 15. Propiedade dos materiais*

1. Con independencia do recoñecemento da súa autoría, os materiais realizados serán propiedade da consellería, que reserva para si o dereito de reprodución, distribución e comunicación pública, e poderaos distribuír baixo unha licenza Creative commons by-sa (recoñecemento-compartir igual).

2. Os autores e as autoras, para poderen difundir pola súa conta os devanditos traballos, farán constar na correspondente difusión que o traballo foi realizado durante unha licenza retribuída pola consellería.



#### *Artigo 16. Retirada de documentación*

A partir dos dous meses da data de publicación da resolución definitiva no Diario Oficial de Galicia, as persoas interesadas ou aquelas que autoricen disporán dun prazo de tres meses para retiraren a documentación perante a presidencia da comisión. Transcorrido o dito prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

#### *Artigo 17. Réxime dos recursos*

Contra esta orde as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### *Artigo 18. Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Profesorado», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria/Secretaría Xeral Técnica. Edificio Administrativo San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través do correo electrónico [dxefpie@edu.xunta.es](mailto:dxefpie@edu.xunta.es)

#### *Artigo 19. Modelos normalizados*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na



tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

*Artigo 20. Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código ED305B, poderase obter información a través dos seguintes medios:

a) A seguinte páxina web:

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

b) Os seguintes teléfonos:

881 99 76 35/981 54 65 15

c) O seguinte enderezo electrónico:

[licenzas.fprofe@edu.xunta.es](mailto:licenzas.fprofe@edu.xunta.es)

*Disposición adicional primeira*

O profesorado con nivel B1 poderá optar á licenza en modalidade 6 cando teña por obxecto acadar a acreditación B2 e sirva para a súa consolidación no desempeño de seccións bilingües.

*Disposición adicional segunda*

Cando do marco das accións de colaboración, promoción e cooperación establecidas entre a consellería e outras institucións ou entidades derive unha oferta de accións formativas para o profesorado, estas poderán adxudicarse, de ser o caso, dentro da cota de prazas existentes, en atención á modalidade retribuída que por analoxía lle corresponda.

*Disposición derradeira primeira*



Autorizo a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

*Disposición derradeira segunda*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



## ANEXO I

### Distribución das licenzas por formación por meses segundo as modalidades

Modalidades	Meses
1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para educación primaria e secundaria e atención á diversidade nestes niveis.	80
2. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais en educación primaria e secundaria e atención á diversidade nestes niveis.	80
3. Proxectos individuais para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.	
Submodalidade 3.a. Elaboración de materiais inéditos nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.	24
Submodalidade 3.b. Actualización de materiais creados en convocatorias anteriores e, simultaneamente, a súa adaptación a unha ou máis linguas estranxeiras.	6
4. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.	70
5. Proxecto individual ou en grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.	40
6. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.	200
Total	500



ANEXO III

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	Documentos
<p>1. Proxecto de traballo.</p> <p>1.1. Será necesario alcanzar un mínimo de oito puntos.</p>	Ata 20 puntos	20	O solicitado para cada modalidade no anexo IV
<p>2. Méritos docentes:</p> <p>2.1. Servizos docentes.</p> <p>Por cada ano de servizos na función pública docente (non se computarán os exixidos como requisito):.....</p>	1 punto por ano completo	Por esta subepígrafe, ata 10 puntos	
<p>3. Actividades de formación permanente do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas.</p>			Fotocopias compulsadas das
<p>3.1. Docencia en actividades de formación do profesorado.....</p> <p>.....</p> <p>Nota: para titores e titoras de prácticas de mestres e mestras, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,15 puntos por cada ano.</p>	Por cada dez horas: 0,10 puntos	2	<p>certificacións acreditativas</p> <p>(Só no caso de que non figuren no expediente persoal)</p>



3.2. Coordinación e/ou asistencia a actividades de formación do profesorado .....	Por cada dez horas: 0,10 puntos	4	
4. Méritos académicos non exixidos para o ingreso no corpo.			Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos, de ser o caso
4.1. Título de doutoramento .....	1,50 puntos		
4.2. Licenciatura ou equivalente .....	1 punto		
4.3. Diplomatura ou equivalente .....	0,5 puntos		
4.4. Por cada ciclo formativo de grao superior ou grao de ensinanzas de réxime especial ou de grao superior de formación profesional .....			(Só no caso de que non figuren no expediente persoal e non se opte por autorizar a Administración para que os consulte)
4.5. Outros estudos de posgrao: diploma de estudos avanzados (DEA) ou equivalente, títulos propios da universidade, mestrados, etc.) .....	0,25 puntos 0,25 puntos	4	
5. Entrevista, de ser o caso.			
5.1. Será necesario alcanzar un mínimo de oito puntos	Ata 20 puntos	20	





#### ANEXO IV

##### Esquema dos contidos dos proxectos e documentación complementaria

Modalidades 1 e 2. Proxectos individuais ou grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para educación primaria e secundaria e atención á diversidade nestes niveis:

1. Presentarase unha proposta sobre o traballo que se vaia realizar durante o período da licenza, onde se concretará, de xeito especial, como se levarán a cabo as fases de posta en práctica e avaliación. Nesta proposta, que deberá ser de carácter tanto organizativo como curricular, farase constar:

- a) Título do proxecto.
- b) Materia ou materias e cursos a que se dirixa, e ámbito ou ámbitos, de ser o caso, en que se desenvolverá dentro da modalidade.
- c) Descrición do proxecto: obxectivos do recurso, estándares de aprendizaxe, competencias clave, metodoloxía de aplicación, estratexias de atención á diversidade, avaliación e outros ítems que os solicitantes consideren oportuno incluír.
- d) Descrición do soporte e das ferramentas que se utilizarán para a elaboración do material.
- e) Número mínimo de obxectos dixitais educativos (ODE), unidades didácticas integradas (UDI) ou recursos que se comprometen a chegar.
- f) Cronograma da organización e realización do proxecto con especificación das entregas parciais, no seu caso.
- g) Un exemplo desenvolvido que permita valorar o recurso que se vai elaborar.
- h) Outros aspectos de interese.

A non inclusión dalgún dos puntos anteriores suporá a non baremación do proxecto.



Os participantes especificarán no programa un compromiso de entregas temporalizadas, así como un índice detallado das partes do proxecto. Poderase obter unha valoración negativa se non cumpre o compromiso de entregas.

## 2. Requisitos e características dos materiais dixitais:

Os recursos terán que visualizarse correctamente nas últimas versións dos navegadores máis comúns: Mozilla Firefox, Chrome e Internet Explorer. Deben funcionar sen necesidade de instalar ningún plugin específico ou navegador, agás os de Flash e Java.

Todos os materiais cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas na internet.

### Características dos materiais dixitais:

Multimedia, interactividade, accesibilidade, adaptabilidade, interoperabilidade e portabilidade. Os materiais presentados non poderán incluír publicidade de empresas, produtos nin servizos comerciais.

Presentarase en soporte dixital (CD, DVD, pen drive, etc.) correctamente etiquetado.

O material incluírá todas as páxinas e os ficheiros necesarios para a correcta execución da súa interactividade, tanto se se executa esta en modo servidor como se se trata de módulos ou aplicacións que actúan en modo cliente.

Os materiais estarán realizados con tecnoloxía que permita a súa visualización cun navegador estándar sobre distintos sistemas operativos, libres e propietarios, e poderán ser executados en local.



O material creado publicarase baixo a licenza Creative Commons by-sa que combine as seguintes propiedades: recoñecemento e compartir igual.

O arquivo comprimido zip de cada obxecto dixital educativo (en diante, ODE) creado terá un peso nunca superior a 100 Mb. Cada traballo pode ter os ODE que o autor considere necesarios para desenvolver o proxecto presentado.

Os traballos entregaranse en soporte físico. Non virán protexidos con contrasinal. Tampouco se admitirán materiais aloxados na internet en servizos da web 2.0.

Tanto nos arquivos de entrega como nos nomes dos arquivos de recursos que se utilizan para elaborar o material ou que se vinculan dentro del (é dicir, en toda a estrutura de navegación) é importante non usar espazos, eñes, acentos nin caracteres especiais.

3. Os traballos e as investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas xuntarán certificado de conformidade das respectivas direccións, co visto e praxe da Inspección educativa ou autorización das persoas responsables das institucións, de ser o caso.

4. O proxecto terá unha extensión máxima de 8.000 palabras.

Modalidades 3 e 4. Proxectos individuais ou grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de formación profesional.

1. Presentarase unha proposta sobre as actividades que se vaian realizar durante o período da licenza, onde se fará constar:

a) Ciclo formativo e módulo profesional, duración total das actividades que se vaian elaborar e, de ser o caso, linguas estranxeiras en que se van elaborar os materiais.

b) Participantes: datos persoais e profesionais.

c) Breve descrición do contido do proxecto.



d) Segundo o establecido no manual de elaboración de programación dos módulos profesionais dispoñible no enderezo [www.edu.xunta.es/programacions](http://www.edu.xunta.es/programacions):

1º. Proposta de relación de unidades didácticas do módulo profesional, así como das actividades que se vaian desenvolver, cunha breve descrición e a duración para cada unha delas.

2º. Para as actividades incluírase ademais a asignación dos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación que se tratarán en cada unha delas.

e) Planificación e temporalización das diferentes fases de execución do proxecto.

f) Deberase indicar a relación priorizada de ata tres módulos profesionais dos cales o solicitante está disposto a elaborar ou adaptar materiais curriculares, como posible alternativa ao definido na alínea a). Esta relación empregarase no caso de que o proxecto fose seleccionado e que simultaneamente outro proxecto, dirixido á elaboración ou adaptación de materiais curriculares do mesmo módulo, fose tamén seleccionado por obter maior puntuación e non quedasen horas dispoñibles dese módulo.

2. O proxecto terá unha extensión máxima de 15 páxinas en papel tamaño DIN-A4, a dobre espazo e con letra tipo Arial ou Times New Roman de 12 puntos.

Modalidade 5. Proxecto individual ou en grupos de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.

1. Presentarase unha proposta sobre o curso a distancia que se vaia realizar durante o período da licenza, na cal se fará constar:

a) Título do proxecto.

b) Áreas de traballo con especificación das subcompetencias correspondentes.

c) Datos xerais do curso en rede (perfil de participantes a que se dirixirá, duración, obxectivos e contidos do curso, competencias profesionais...).

d) Descrición e xustificación das ferramentas de Moodle que se vaian empregar.



e) Descrición de ferramentas externas a Moodle que se vaian empregar, de ser o caso.

f) Deseño das tarefas, métodos de participación e procedementos de seguimento e avaliación.

g) Estratexias para a titorización, xestión de contidos e dinamización do curso a distancia.

h) Cronograma da organización e realización do proxecto con especificación das entregas parciais, no seu caso.

i) Unha maqueta do curso na plataforma virtual, especificando a descrición de cada bloque (foros, obxectivos, contidos, tarefas...).

j) Outros aspectos de interese.

A non inclusión dalgún dos puntos anteriores suporá a non baremación do proxecto.

Os participantes especificarán no programa un compromiso de entregas temporalizadas, así como un índice detallado das partes do proxecto. Poderase obter unha valoración negativa se non se cumpre o compromiso de entregas.

## 2. Requisitos e características dos materiais dixitais.

Todos os materiais cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas na internet.

Os beneficiarios desta modalidade utilizarán a guía de boas prácticas, instrumentos de estimación de tempos e calquera outra indicación achegada a través da Rede de Formación do Profesorado.



Os cursos crearanse directamente nunha aula virtual na Platega 2. Todos os arquivos fonte estarán incorporados no propio espazo virtual.

Características dos materiais dixitais:

Multimedia, interactividade, accesibilidade, flexibilidade, modularidade, adaptabilidade, rexeitabilidade, interoperabilidade e portabilidade. Os materiais presentados non poderán incluír publicidade de empresas, produtos nin servizos comerciais.

Crearanse directamente nunha aula virtual na Platega. Cando se usen programas externos, os materiais presentarase en soporte dixital (CD, DVD, etc.) correctamente etiquetado cos materiais creados con ferramentas externas á aula virtual.

Os materiais estarán realizados con tecnoloxía que permita a súa visualización cun navegador estándar sobre distintos sistemas operativos, libres e propietarios, e integrados na Platega.

O material creado publicarase baixo a licenza Creative Commons by-sa que combine as seguintes propiedades: recoñecemento - compartir igual.

3. O proxecto terá unha extensión máxima de 8.000 palabras.

As licenzas para esta modalidade soamente poden solicitarse para realizar no primeiro trimestre do curso 2016/17.

Modalidade 6. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.

Deberase presentar a seguinte documentación:

1. Certificación acreditativa de dispor do nivel B2 na lingua estranxeira do Marco común europeo de referencia para as linguas, agás para o profesorado especialista.

2. Anexo VI da orde cuberto e asinado.



3. O proxecto consistirá na exposición, cunha extensión máxima de catro folios, do plan de perfeccionamento que se pretenda acometer con base na lingua estranxeira que se vaia perfeccionar, con expresión de, polo menos:

a) País onde se levará a cabo. Enténdese que o país escollido deberá ter como lingua oficial aquela que perfeccionará a persoa solicitante.

b) Centro ou institución onde recibirá a formación, achegando os datos identificativos.

c) Denominación da formación que vaia recibir, nivel académico e a súa duración expresada en días e cómputo total de horas.

d) Razóns ou motivos polos que solicita a licenza por formación para o perfeccionamento da lingua estranxeira.

e) Beneficios que espera obter tanto para o profesorado como para o centro de destino.



## ANEXO VII

### Guión para a elaboración da memoria final

#### Modalidade 6

Extensión máxima: cinco folios.

1. Datos de identificación do profesor ou da profesora participante.
2. Datos do centro de acollemento.
3. Descrición dos contidos do programa traballados.
4. Actividades pedagóxicas e culturais realizadas no país de acollida.
5. Posible impacto do seu perfeccionamento na lingua estranxeira no seu centro educativo e medidas de difusión do aprendido no estranxeiro.
6. Achegas persoais.





## ANEXO VIII

### Relación de temáticas e subcompetencias profesionais docentes

Temática: Técnicas e estratexias de avaliación do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Subcompetencia 1. Programación, seguimento e avaliación

Temática: Técnicas e estratexias de avaliación docente.

Subcompetencia 16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente.

Temática: Metodoloxías activas de aprendizaxe

Subcompetencia 2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.

Temática: Seguridade na rede

Subcompetencia 12. Centros saudables e seguridade integral

Subcompetencia 6. Normativa

Temática: Seguridade integral

Subcompetencia 12. Centros saudables e seguridade integral

Temática: Intelixencia emocional e resolución de conflitos.

Subcompetencia 15. Mediación, resolución de conflitos

Temática: Alfabetización Mediática e Informativa (AMI)

Subcompetencia 2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.

Subcompetencia 24. Software

Temática: Competente en linguas estranxeiras.



Subcompetencia 23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.

Temática: Formación de equipos directivos

Subcompetencia 6. Normativa

Subcompetencia 7. Organización, planificación, coordinación

Subcompetencia 9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns.

Temática: Pensamento computacional

Subcompetencia 2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.

Subcompetencia 24. Software

Temática: Narrativa transmedia multidisciplinar

Subcompetencia 23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.

Subcompetencia 24. Software



Anexo IX

Relación de módulos profesionais de ciclos formativos obxecto de elaboración

Código	Módulo	Duración do módulo	Horas pendentes de elaborar	Horas pendentes de adaptar
MP0486	Acceso a datos	157	117	40
MP0201	Acústica e elementos de protección sonora	187	147	40
MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas	107	27	80
MP3002	Aplicacións básicas de ofimática	240	200	40
MP0223	Aplicacións ofimáticas	240	200	40
MP0216	Atención sanitaria	213	53	160
MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	155	105	5
MP0690	Botánica agronómica	80	40	40
MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	160	80	80
MP0579	Composicións florais e con plantas	140	100	40
MP0352	Configuración de instalacións solares térmicas	107	27	80
MP0654	Contabilidade e fiscalidade	157	27	130



Código	Módulo	Duración do módulo	Horas pendentes de elaborar	Horas pendentes de adaptar
MP0337	Contexto da intervención social	133	128	133
MP0487	Contornos de desenvolvemento	107	82	25
MP0246	Deseño de construcións metálicas	267	227	40
MP0427	Deseño de produtos mecánicos	320	280	40
MP0387	Deseño de produtos turísticos	140	100	40
MP0488	Desenvolvemento de interfaces	140	100	40
MP0613	Desenvolvemento web en contorno servidor	175	80	95
MP0016	Desenvolvemento socioafectivo	123	83	40
MP0614	Despregamento de aplicacións web	88	48	40
MP0011	Didáctica da educación infantil	240	120	120
MP1124	Dinamización grupal	123	29	94
MP0399	Dirección de entidades de intermediación turística	87	42	45
MP0569	Eficiencia enerxética en edificación	70	30	40
MP0551	Elementos de sistemas de telecomunicacións	240	160	80
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	13	40
MP1052	Equipamentos	266	186	80



Código	Módulo	Duración do módulo	Horas pendentes de elaborar	Horas pendentes de adaptar
	microprogramables			
MP0745	Estética hidrotermal	123	65	58
MO0731	Estudo da cavidade oral	213	118	95
MP0171	Estrutura do mercado turístico	133	93	40
MP0562	Estruturas de construción	107	67	40
MP0236	Instalacións de distribución	155	115	40
MP0007	Interpretación gráfica	133	93	40
MP0577	Mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes	176	136	40
MP0694	Maquinaria e instalacións agroforestais	186	149	37
MP0931	Márketing dixital	187	127	60
MP0564	Medicións e valoracións de construción	87	47	40
MP0910	Medios técnicos audiovisuais e escénicos	187	147	40
MP0042	Montaxe e mantemento de instalacións de climatización	210	160	50
MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía	187	107	80
MP0541	Operacións básicas de moblaxe	240	195	45
MP0904	Planificación da realización en televisión	160	120	40



Código	Módulo	Duración do módulo	Horas pendentes de elaborar	Horas pendentes de adaptar
MP0918	Planificación de proxectos de espectáculos e eventos	213	40	173
MP0370	Planificación e administración de redes	213	173	40
MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería	240	180	60
MP0650	Proceso integral da actividade comercial	133	53	80
MP0386	Procesos de guía e asistencia turística	105	65	40
MP0517	Procesos en instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións	187	150	37
MP0048	Produtos culinarios	350	310	40
MP0485	Programación	240	200	40
MP0172	Protocolo e relacións públicas	105	25	80
MP0920	Recursos expresivos audiovisuais e escénicos	187	107	80
MP0177	Recursos humanos no aloxamento	87	47	40
MP0384	Recursos turísticos	187	147	40
MP0225	Redes locais	213	163	50
MP0832	Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	214	174	40



Código	Módulo	Duración do módulo	Horas pendentes de elaborar	Horas pendentes de adaptar
MP0563	Representacións de construción	347	227	120
MP0378	Seguridade e alta dispoñibilidade	105	20	85 45 horas ao inglés
MP0226	Seguridade informática	140	58	82 0 horas ao inglés
MP0385	Servizos de información turística	70	30	40
MP0375	Servizos de rede e internet	140	100	40
MP0227	Servizos en rede	157	135	22
MP0656	Simulación empresarial	140	10	130
MP0483	Sistemas informáticos	186	145	41
MP0224	Sistemas operativos en rede	157	117	40
MP0093	Soldadura en atmosfera natural	347	257	90
MP1098	Son para audiovisuais	267	187	80
MP0441	Técnica contable	133	43	90
MP1304	Toma e edición dixital de imaxe	240	141	99
MP0693	Topografía agraria	107	27	80
MP0440	Tratamento informático da información	267	147	120



Código	Módulo	Duración do módulo	Horas pendentes de elaborar	Horas pendentes de adaptar
MP0627	Xestión administrativa do comercio internacional	187	27	160
MP0501	Xestión da calidade e da seguridade e hixiene alimentarias	80	40	40
MP0815	Xestión da conservación do medio natural	123	83	40
MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas	70	30	40
MP0813	Xestión da pesca continental	87	47	40
MP0500	Xestión da produción en cociña	244	204	40
MP0372	Xestión de bases de datos	187	135	52
MP0217	Atención hixiénica	87	0	87
MP0228	Aplicacións web	123	0	123
MP0484	Bases de datos	187	0	187
MP0211	Destrezas sociais	123	0	123
	Formación e orientación laboral	107	0	107
MP0017	Habilidades sociais	123	0	123
MP0376	Implantación de aplicacións web	122	0	122
MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas	123	0	123





Código	Módulo	Duración do módulo	Horas pendentes de elaborar	Horas pendentes de adaptar
	e edificios			
MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social	123	0	123
MP0373	Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información	133	0	133
MP0105	Promoción da saúde	157	0	157



## ANEXO X

### Criterios de valoración

Poderase obter ata un máximo de 20 puntos

Modalidades 1 e 2

Criterio	Puntuación máxima
a) Coherencia do proxecto	6
b) Pertinencia do soporte e das ferramentas do recurso para acadar os obxectivos de aprendizaxe propostos	3
c) Adecuación do cronograma	3
d) Calidade do exemplo desenvolvido no curso	3
e) Orixinalidade e carácter innovador	5

É requisito alcanzar, como mínimo, o 40% da puntuación de cada alínea para poder optar a unha licenza.

Modalidades 3 e 4

Criterio	Puntuación máxima
a) Contido e calidade do proxecto, segundo o anexo IV desta orde	13
b) A elaboración ou adaptación de actividades que superen o número de horas mínimo establecido como requisito, 0,1 puntos por cada hora adicional.	2



c) A elaboración ou adaptación de actividades nunha ou máis linguas estranxeiras	2
d) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais que se estean a ofertar na modalidade de formación profesional a distancia no curso actual	1
e) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais de formación profesional establecidos ao abeiro da LOE	1
f) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais que permitan completar os materiais dalgún dos módulos do anexo IX	1

É preciso alcanzar, como mínimo, 8 puntos na valoración do proxecto

Modalidade 5

Criterio	Puntuación máxima
a) Coherencia do proxecto	6
b) Xustificación e pertinencia das ferramentas utilizadas	2
c) Estratexias para a titorización, xestión de contidos e dinamización do curso a distancia	2
d) Adecuación do cronograma	2
e) Calidade do exemplo desenvolvido do curso	5
f) Orixinalidade e carácter innovador	3



É requisito alcanzar, como mínimo, o 40 % da puntuación de cada punto para poder optar a unha licenza, excepto a alínea g).



## ANEXO XI

### Modelo de declaración xurada

Eu, \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_,  
docente en activo con destino en \_\_\_\_\_

Declaro baixo xuramento:

Que posúo como responsable da autoría do recurso educativo  
«\_\_\_\_\_» plenos dereitos ou, de ser o caso, os permisos correspondentes  
de divulgación e publicación, reprodución, comunicación pública e transformación  
sobre a totalidade dos materiais presentados, materiais que non están comercializados.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria queda exenta de  
calquera responsabilidade en caso de incumprimento desta declaración xurada.

E, para que conste, asino esta declaración.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

(Nome e apelidos)